

Nome _____ Data _____

LEMBRA



Os substantivos son as palabras que utilizamos para nomear as persoas, os animais e as cousas.

Os substantivos teñen xénero: poden ser masculinos ou femininos. Tamén teñen número: poden estar en singular ou en plural.

Os substantivos poden ser comúns ou propios e individuais ou colectivos.

1

Escribe, en cada caso, o substantivo individual e o colectivo correspondente.



2

Escribe o feminino de cada substantivo.

- | | | |
|------------------|------------------|--------------------|
| • irmán ▶ _____ | • neno ▶ _____ | • ministro ▶ _____ |
| • mestre ▶ _____ | • doutor ▶ _____ | • rei ▶ _____ |
| • sogro ▶ _____ | • can ▶ _____ | • actor ▶ _____ |
| • boi ▶ _____ | • conde ▶ _____ | • elefante ▶ _____ |
| • fillo ▶ _____ | • pintor ▶ _____ | • bailarín ▶ _____ |

3

Escribe estes substantivos en plural.

- | | | |
|------------------|------------------|-------------------|
| • cereal ▶ _____ | • menú ▶ _____ | • árbitro ▶ _____ |
| • muller ▶ _____ | • festín ▶ _____ | • chapeu ▶ _____ |
| • arame ▶ _____ | • folla ▶ _____ | • rapaz ▶ _____ |
| • museo ▶ _____ | • pai ▶ _____ | • cordel ▶ _____ |




Palabras con ex- e con es-

Nome _____ Data _____





LEMBRA

Escríbense con ex- as palabras que comezan polo prefixo *extra-* e moitas outras. Nestes casos, a grafía x pronúnciase KS.

Comezan pola sílaba es- moitas palabras como *estourar*, *escachar*, *escusa*, *escavar*, *estender*, *esperar*, *esquecer*...



1 Ordena as letras e escribe palabras que comezan por ex- ou por es-.




2 Completa estas oracións cunha palabra da familia de cada unha das anteriores.

- Desde o corredor oíanse un ruídos_____.
- Os_____ chegaron ao cume da montaña moi cansos.
- No salón de actos hai unha _____ de fotografías antigas da vila. • As
xa comezaron a traballar na estrada.

3 Completa con ex- ou con es-.



___ toxo



___ positor



___ premedor



___ tintor



___ pantallo

4 Escribe tres palabras que comecen polo prefixo *extra-*.



O adxectivo. Graos

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Os adxectivos son palabras que expresan calidades ou estados das persoas, dos animais ou das cousas. Os adxectivos están no mesmo xénero e no mesmo número ca o substantivo a que se refiren.

Os graos do adxectivo son tres: positivo, comparativo e superlativo.

1 Arrodea os adxectivos e subliña os substantivos a que se refiren.

- Ana ten unha gata branca e Brais ten un can negro.
- Necesito unhas tesoiras máis grandes ca estas.
- Eu teño os cabelos rizados; ti, en cambio, tes os cabelos lisos.
- Antes estaba un ceo escurísimo, pero agora vai un sol espléndido.



2 Copia algún adxectivo dos que arrodeaches que teña os graos indicados.

Grao positivo

Grao comparativo

Grao superlativo

3 Como están? Escribe un adxectivo referido a cada debuxo.



4 Escribe tres oracións co mesmo adxectivo en grao positivo, comparativo e superlativo.

- _____
- _____
- _____



A coma e o punto e coma

PLAN DE MELLORA. Ficha 2


Nome _____ Data _____

LEMBRA

A coma emprégase, entre outros, nos seguintes casos:

- Para separar, nunha oración, o nome da persoa á que nos diriximos.
- Para separar os elementos dunha enumeración, agás o último cando vai introducido polo enlace e.

O punto e coma emprégase para separar os elementos dunha enumeración cando estes, á súa vez, levan comas.

 Copia poñendo as comas que faltan.

- As clases de inglés serán o luns o mércores e o venres.

- A pelota os patíns a bicicleta e as raquetas están no trasteiro.

 Explica a diferenza de significado entre estas dúas oracións.

María pecha a ventá. / María, pecha a ventá.

 Que signo falta nos dous ocios marcados neste texto? Escolle e despois ponlo.

Para preparar a obra acordamos distribuír as funcións de cada alumno. Luís, Rosa e Ana encargaranse do decorado ___ Pedro, Paulo e Xiana prepararán o vestiario ___ Tareixa, Xurxo e Antón prepararán a representación e todos eles reuniránse os venres para coordinar o traballo.

Falta un punto e coma porque hai unha enumeración na cal se inclúen outras enumeracións que tamén levan comas.

Falta unha coma porque hai unha única enumeración con moitos elementos.



Os dous puntos e a raia

Nome _____ Data _____

LEMBRA


Os dous puntos (:) empréganse nos seguintes casos:

- Para introducir unha enumeración que se anuncia.
- Para anunciar as palabras que di alguén.

A raia (–) emprégase nos diálogos escritos deste xeito:

- Diante da intervención de cada personaxe.

- Para separar as palabras que di un personaxe das aclaracións que fai o narrador.



1

Le as oracións e escribe A ou B segundo a función dos dous puntos en cada caso.

A. Introduce unha enumeración. B. Anuncia as palabras que di alguén.

- Trouxo xeados de tres sabores: de amorodo, de menta e de limón.
- Cando atopou a tarxeta do bus exclamou: «Aleluia! Pensei que a perdera!»
- Agora Iria ten catro curmáns: Roi, André, Xiana e Carme.
- Xulio preguntoulle a Sabela: «E logo, ti non vas vir á festa?»

2

Copia o diálogo de xeito ordenado, con todos os signos de puntuación que precisas (dous puntos, raia, punto, interrogación, admiración).



Atópanse dous amigos na rúa e un deles comenta

Sabes, conseguín traballo en Santiago

En Santiago, de que

pregúntalle con interese o amigo

Pois de Compostela!
